

MARCO ESTRATÉXICO DE CONVERXENCIA ECONÓMICA DE GALICIA (MECEGA) 2007-2013

Dirección Xeral de Planificación Económica e Fondos Comunitarios
XUNTA DE GALICIA

Recibido: 26 de setembro de 2008

Aceptado: 31 de outubro de 2008

Resumo: O Marco estratéxico de converxencia económica de Galicia (MECEGA) é o documento de planificación comunitaria elaborado pola Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, que recolle os obxectivos e a estratexia que rexerá a intervención dos Fondos Estruturais FEDER e FSE, do Fondo de Cohesión/FEDER e da Cooperación Territorial Transfronteiriza na Comunidade Autónoma no período 2007-2013. Así mesmo, o MECEGA é coherente coas actividades políticas e prioridades galegas, co Marco estratéxico nacional de referencia 2007-2013, cos eixes establecidos no Plan nacional de reformas 2005-2010, así como cos principios transversais relativos á igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, á conservación do medio ambiente e ao desenvolvemento territorial.

Palabras clave: MECEGA / Fondos Estruturais FEDER e FSE / Fondo de Cohesión/FEDER / Cooperación Territorial Transfronteiriza / 2007-2013.

THE STRATEGIC FRAMEWORK OF ECONOMIC CONVERGENCE OF GALICIA (MECEGA) 2007-2013

Abstract: The Strategic framework of economic convergence of Galicia (MECEGA) is the community planning document prepared by the Ministry of Economy and Finance of the Galician regional government (Xunta of Galicia), that reflects the goals and strategy that will govern the Structural Funds ERDF and ESF intervention, the Cohesion Fund/ERDF and Cooperation in Border Land in the Autonomous Community in 2007-2013. Also, the MECEGA is consistent with the policies and priorities of Galicia, with the National Strategic Reference Framework 2007-2013, with axes settled in the National Reform Plan 2005-2010, as well as with the principles relating to cross-equal opportunities between men and women, the conservation of the environment and the territorial development.

Keywords: MECEGA / Structural Funds ERDF (European Regional Development Fund) and ESF (European Social Fund) / Cohesion Fund/ERDF / Cooperation in Border Land / 2007-2013.

1. AS NECESIDADES DA ECONOMÍA GALEGA E A AXENDA DE LISBOA

O *Marco estratéxico de converxencia económica de Galicia 2007-2013* (MECEGA) é o documento de planificación comunitaria que recolle os obxectivos e a estratexia que rexerá a intervención dos fondos estruturais e do Fondo de Cohesión/FEDER en Galicia no período 2007-2013 para alcanzar un maior desenvolvemento económico e social.

A estratexia galega impulsa un maior crecemento económico e crea as condicións necesarias para favorecer a converxencia real con España e coa UE, concentrando as intervencións en temas clave como son a innovación, a economía baseada no coñecemento, o medio ambiente, a prevención de riscos e as facilidades de acceso a servizos económicos de interese xeral. Neste sentido, o Goberno galego reorienta o destino dos fondos aproveitando ao máximo as oportunidades que ofrece a sociedade do coñecemento e a formación de capital humano.

Este marco ofrece resposta ás principais necesidades estruturais da rexión nas áreas de actuación dos fondos, tales como o transporte, a educación, o tecido empresarial, o medio ambiente, as enerxías renovables, o mercado laboral, a igualdade de oportunidades, a formación, a investigación e o desenvolvemento tecnolóxico. Este plan supón para Galicia o equivalente no ámbito estatal ao *Marco estratéxico nacional de referencia 2007-2013* (MENR) para a totalidade do territorio español, establecendo as pautas xerais de actuación dos fondos que se traducirán a nivel de detalle nos programas operativos (PO) específicos.

As principais necesidades detectadas na economía galega, ás que se lles fai fronte na programación do MECEGA 2007-2013, quedan recollidas na táboa 1.

Táboa 1.- Necesidades detectadas pendentes de satisfacer en Galicia

N. 1	Impulsar novos factores de crecemento que aumenten a competitividade de Galicia
N. 2	Mellorar a conexión das poboacións galegas coas redes transeuropeas de transporte
N. 3	Crear nós intermodais que melloren a utilización das infraestruturas e que provoquen complementariedade e competencia entre os distintos medios de transporte
N. 4	Promover a xestión ambiental, a utilización das enerxías renovables e a reutilización das augas
N. 5	Reactivar o mercado laboral a través do incremento e mellora dos niveis de formación
N. 6	Incrementar a participación empresarial no eido da investigación básica e aplicada
N. 7	Aumentar e mellorar a participación da muller no mercado laboral
N. 8	Reducir a atomización empresarial
N. 9	Incrementar os niveis de investimento rexional, estatal e estranxeiro
N.10	Mellorar a xestión, eficacia e coordinación das políticas públicas administrativas

FONTE: Elaboración propia a partir da actualización da avaliación intermedia do *Programa operativo integrado de Galicia 2000-2006* (FEDER, FSE, FEOGA-O).

A denominada Estratexia ou Axenda de Lisboa, fixada polos xefes de Estado e de Goberno no mes de marzo do ano 2000 co obxectivo de facer de Europa unha economía baseada no coñecemento e convertela na máis competitiva do mundo para o ano 2010, condiciona todas as políticas que hai que emprender no marco do orzamento comunitario. Trátase de mellorar a competitividade e o papel de Europa na economía internacional.

O Consello de Gotemburgo do ano 2001 ampliou esta estratexia, poñendo o acento na necesidade de protexer o medio ambiente e de acadar un desenvolvemento sostible.

Desde esa data, todas as accións levadas a cabo pola Unión se basean nas prioridades comunitarias alí establecidas:

- Innovación e sociedade do coñecemento: crear unhas relacións máis estreitas entre os centros de investigación e a industria e desprezar unhas condicións favorables para a I+D, mellorar o acceso ao financiamento e aos coñecementos técnicos e fomentar novos proxectos empresariais.
- Garantir o pleno emprego: salientase a necesidade de crear novas posibilidades de emprego e de reducir o desemprego, aumentar a produtividade e a calidade do traballo e fomentar a aprendizaxe permanente.

- Conectar Europa: favorecer a integración e mellorar as redes de transporte, telecomunicacións e enerxía.
- Medio ambiente e desenvolvemento sostible: estimular a innovación, introducir novas tecnoloxías e mellorar as condicións de vida dos cidadáns europeos.

Nesta mesma liña, o Consello Europeo do mes de marzo do ano 2005 reforzou e relanzou as Estratexias de Lisboa e de Gotemburgo, aprobando vinte e catro *Directrices integradas para o crecemento e o emprego 2005-2008*, destacando a contribución da política de cohesión aos obxectivos de competitividade e sociedade do coñecemento fixados.

A política de cohesión europea demostrou ter un importante impacto macroeconómico sobre o conxunto da UE, mellorando a competitividade das rexións e desenvolvendo as potencialidades endóxeas de cada país membro.

Por iso, neste período de financiamento a estratexia galega de cohesión céntrase nos dous aspectos máis salientables para o desenvolvemento equilibrado, harmónico e sostible de toda a Unión: o crecemento e o emprego.

As *Directrices estratéxicas comunitarias 2007-2013* recollen no seu espírito e enunciado estes dous termos á hora de establecer as pautas de elaboración das estratexias de intervención dos fondos para o próximo período. Neste sentido, a Unión Europea quixo reforzar este vínculo entre cohesión e crecemento, convertendo a política de cohesión no principal instrumento de aplicación da Estratexia de Lisboa para o período 2007-2013.

E son estes dous obxectivos –a maior velocidade de crecemento e máis e mellores empregos– os que marcan a reorientación da política económica da Xunta para os vindeiros anos. Unha reorientación que resulta imprescindible para que a Comunidade Autónoma intente converxer aos niveis medios de riqueza e benestar da UE, pero que tamén é necesaria para que Galicia poida liberar por fin todo o seu potencial de desenvolvemento.

Por Decisión da Comisión (2006/595/CE) de 4 de agosto de 2006, Galicia atópase no grupo das rexións españolas incluídas no obxectivo “converxencia” dos fondos estruturais. O obxectivo central que a UE persegue para este grupo de rexións é acelerar a converxencia dos Estados membros e rexións menos desenvolvidas, creando condicións máis favorables para o crecemento e o emprego mediante o aumento do investimento en capital físico e humano, a mellora da súa calidade, o desenvolvemento da innovación e da sociedade do coñecemento, a adaptabilidade aos cambios económicos e sociais, a protección e mellora do medio ambiente e a eficiencia administrativa.

Prodúcese así unha plena sintonía entre os obxectivos do novo modelo de desenvolvemento que impulsa a Xunta para Galicia e as prioridades estratéxicas da UE para o novo período de programación 2007-2013.

2. O DESEÑO DA ESTRATEXIA COMUNITARIA DO MECEGA 2007-2013

Un dos aspectos destacables na nova estratexia é a súa contribución en materia de cohesión económica e social. Neste sentido, cabe sinalar que as actuacións que hai que desenvolver en Galicia durante o período 2007-2013 contribúen aos obxectivos fixados pola Axenda de Lisboa, ás conclusións xurdidas do Consello de Göttemburgo e ás diferentes orientacións estratéxicas comunitarias da Comisión Europea.

A Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia elaborou o MECEGA co obxectivo de poñer a disposición da sociedade galega un instrumento de programación comunitaria no medio e no longo prazo. Trátase, pois, dun enfoque estratéxico para procurar o mellor aproveitamento das axudas europeas tendo en conta as necesidades da rexión, o que conducirá, en definitiva, a lograr a converxencia coa media española e coa da UE.

O MECEGA parte dun diagnóstico actualizado da situación socioeconómica e dunha análise DAFO, salientando os elementos que inciden sobre a competitividade de Galicia no contexto estatal e europeo. O seu deseño propiciou un proceso de reflexión interna e de consenso entre os principais interlocutores da rexión. Este enfoque estratéxico diríxese principalmente ao ámbito de actuación dos novos Fondos Estructurais FEDER e FSE e ao Fondo de Cohesión/FEDER, pero tendo en conta tamén as peculiaridades da eurorrexión Galicia-Norte de Portugal e a complementariedade cos novos instrumentos de axuda ao desenvolvemento rural (FEADER) e ao sector pesqueiro (FEP), actividades cunha importante presenza no tecido produtivo galego.

Así mesmo, o MECEGA é coherente coas actividades políticas e coas prioridades da Comunidade Autónoma de Galicia, co *Marco estratéxico nacional de referencia 2007-2013* e cos eixes establecidos no *Plan nacional de reformas 2005-2010*, así como cos principios establecidos transversalmente relativos á igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, á conservación do medio e ao desenvolvemento territorial.

O enfoque recollido no MECEGA responde ás novas oportunidades brindadas pola reforma da política de cohesión europea e dos seus instrumentos financeiros. Por outra banda, a estratexia baséase en dous compoñentes básicos: o investimento como mecanismo de promoción do desenvolvemento endóxico de Galicia e como elemento fundamental para a creación de riqueza e a xeración de emprego; e a formación, a investigación e a innovación como factores de capitalización da economía cara a elementos intanxibles do desenvolvemento, como o capital humano ou o tecnolóxico.

No proceso de elaboración do MECEGA e dos PO FEDER, FSE, Cohesión/FEDER e Cooperación Territorial Transfronteiriza da Comunidade Autónoma –e co obxecto de establecer a mellor estratexia e coherencia co principio do *parte-*

nariado– participaron autoridades rexionais, locais, nacionais e da UE, producíndose entre elas unha estreita colaboración. Creáronse sete mesas de traballo, que estiveron formadas polos interlocutores económicos e sociais máis representativos de cada sector e pola Administración autonómica.

Tamén as liñas estratéxicas da nova programación comunitaria en Galicia foron analizadas na Mesa 3 de Diálogo Social *Desenvolvemento económico e industrial I+D+i*, composta por representantes dos sindicatos, dos empresarios e da Administración autonómica no seo do *Novo marco de relacións laborais en Galicia: acordo polo emprego*.

Igualmente, organizáronse xornadas, conferencias e seminarios de discusión e debate sobre a nova política de cohesión para Galicia como, por exemplo, o seminario *OPEN DASYS*, que tivo lugar en Vigo.

Ao tempo, houbo un diálogo fluído e participativo cos representantes da Comisión Europea, especialmente coa *DX de Política Rexional Rexio*, con quen se consensuaron os respectivos avances e reorientacións estratéxicas para Galicia.

Á hora de realizar o proceso de programación das actuacións que hai que desenvolver para o período 2007-2013, aplicouse o principio de subsidiariedade. É destacable o método de concertación empregado, sempre partindo dos organismos e entidades máis específicas e próximas ao seu ámbito de execución, ata chegar aos organismos responsables da programación dos PO. Así, a través deste proceso, foi como os proxectos presentados polos organismos xestores foron seleccionados, priorizados, elixidos e encaixados de acordo co deseño da estratexia definida pola Xunta para as intervencións estruturais, coas intervencións complementarias da *Administración Xeral do Estado (AXE)*, coas *Directrices estratéxicas comunitarias* e cos *obxectivos de Lisboa*, fundamentalmente.

Por outra parte, o principio de adicionalidade tamén se tivo en conta na programación das actuacións para o período 2007-2013, comprobando que o investimento efectuado a través das axudas comunitarias se traduce nun aumento do esforzo financeiro por parte de todas as instancias implicadas, e que non substitúen, simplemente, os gastos propios que se realizarían en calquera caso.

3. OBXECTIVOS DO MECEGA 2007-2013

Co reto de converterse nunha rexión competitiva mediante a utilización dos instrumentos da política de cohesión, Galicia formúlase para o ano 2013 como obxectivo global do MECEGA “*converxer en termos de crecemento e emprego, grazas ao fomento dunha economía baseada no coñecemento*”.

Este obxectivo global implica a promoción daqueles factores de desenvolvemento vencellados á Estratexia de Lisboa: renovar as bases da competitividade, aumentar o potencial de crecemento e a produtividade, e reforzar a cohesión social e territorial a través do coñecemento, da innovación e da valorización do capital humano.

Para saír con éxito deste gran desafío, a Comunidade Autónoma de Galicia fórmulase catro obxectivos finais (OF), que inciden nas políticas para o crecemento e o emprego sostible, poñendo sempre o acento no potencial endóxico do territorio.

◆ *Obxectivo final 1: Impulsar e dinamizar a economía rexional facendo de Galicia un lugar máis atractivo para investir e traballar.* Galicia presenta aínda importantes déficits en materia de dotación de infraestruturas, especialmente daquelas orientadas a fomentar a súa conexión co resto do territorio español, así como coas redes transeuropeas de transporte. Un esforzo neste ámbito incrementará o atractivo económico e social da rexión á vez que aumentará a capacidade loxística e competitiva do seu tecido empresarial.

O investimento en infraestruturas fomentará o crecemento e servirá de acicate para o desenvolvemento de actividades empresariais cada vez máis orientadas a prestar servizos e a producir bens cun maior valor engadido. Neste sentido, impulsarase a ampliación e a mellora das infraestruturas de transportes e de comunicacións, xunto coa racionalización dos recursos enerxéticos.

◆ *Obxectivo final 2: Incrementar a competitividade do tecido produtivo galego a través do coñecemento e da innovación.* Galicia propónse impulsar a sociedade do coñecemento aplicada ás necesidades do tecido empresarial investindo de maneira eficaz naqueles elementos do sistema de innovación (universidades e centros públicos de investigación, centros tecnolóxicos, sistema educativo, institucións financeiras e outros axentes catalizadores) que maiores vantaxes e rendemento lle poden achegar á súa economía –investigación, desenvolvemento tecnolóxico e innovación– co fin de mellorar a súa posición no conxunto da economía europea e de converterse en referente de excelencia naqueles sectores nos que a Comunidade Autónoma presenta vantaxes comparativas.

Nos próximos sete anos Galicia deberá ser capaz de reducir a fenda que a separa do conxunto de España e de Europa, e de poñer en marcha un modelo de crecemento económico que, en lugar de basearse en actividades de pouco valor engadido e intensivas en man de obra, se fundamente na aplicación do coñecemento, da innovación e da tecnoloxía. E para lograr isto fortalecerase a competitividade das empresas, procurarase unha maior presenza nos mercados internacionais e un maior esforzo investidor en actividades de I+D+i, mellorando a coordinación e a articulación co resto dos axentes do sistema de innovación.

◆ *Obxectivo final 3: Aumentar a cohesión social e territorial de Galicia mellorando os niveis de cualificación, a calidade do emprego e a inclusión social.* Os obxectivos finais anteriores non serían posibles sen un capital humano capacitado para desenvolver e impulsar unha economía baseada no coñecemento. En primeiro lugar, será necesario impulsar un mercado laboral atractivo e, á vez, flexible para a poboación. A articulación efectiva entre o sistema educativo e o produtivo constitúe unha finalidade prioritaria debido aos cambios que se esperan acometer na estrutura económica sectorial galega e á rapidez que o mercado habitualmente require. Este obxectivo tratará de evitar a fuga do persoal cualificado formado na contorna rexional.

O impulso do capital humano e a promoción do emprego asociado ás necesidades empresariais propiciarán a corrección dos desequilibrios territoriais que existen na actualidade en Galicia, que presenta unha marcada dualidade entre dúas realidades: a costa –que concentra os principais asentamentos de poboación e a actividade económica– e o interior –que sofre un importante fenómeno de despoboación e que conta con numerosos núcleos rurais caracterizados pola súa dispersión xeográfica–.

◆ **Obxectivo final 4: Reforzar a sinerxía entre crecemento e desenvolvemento sostible.** De cara ao novo período de programación e en liña co disposto nas Axendas de Lisboa e de Gotemburgo, impulsarase o crecemento económico sen perder de vista os criterios de protección e de conservación ambiental. Mediante o aproveitamento dos recursos naturais, Galicia fomentará o desenvolvemento de actividades económicas que contribúan a fixar poboación no medio rural. Nas cidades avogarase polo cumprimento da normativa ambiental, especialmente polo que respecta ás augas residuais dos núcleos situados na franxa do litoral.

Ademais destes obxectivos finais, Galicia establece dezaseis obxectivos intermedios de cohesión (OI) que responden ás prioridades europeas para o novo período de programación establecidas nas *Directrices estratéxicas para o crecemento e o emprego*, e arredor dos cales se articulan as diferentes actuacións que se poñerán en marcha a través da implementación dos seus PO 2007-2013 de finalidade estrutural (táboa 2).

O obxectivo final 1 descomponse en catro OI: o 1, o 8, o 14 e o 16. O obxectivo final 2 está relacionado nun alto grao cos OI 5, 6, 7 e 12. Os obxectivos intermedios 9, 10, 11 e 13 inscríbense no marco do OF 3. E por último, do OF 4 derivan catro dos OI da estratexia do MECEGA: o 2, o 3, o 4 e o 15.

Táboa 2.- Árbore de obxectivos do MECEGA 2007-2013

O. GLOBAL: CONVERXER EN TERMOS DE CRECIMENTO E EMPREGO GRAZAS AO FOMENTO DUNHA ECONOMÍA BASEADA NO COÑECEMENTO
OF 1: IMPULSAR E DINAMIZAR A ECONOMÍA REXIONAL FACENDO DE GALICIA UN LUGAR MÁIS ATRACTIVO PARA INVESTIR E TRABALLAR
OI 1. Completar a conexión coas redes transeuropeas de transporte, impulsar a intermodalidade e a interoperabilidade dos diferentes transportes, mellorar a accesibilidade interior do seu territorio e fomentar a seguridade viaria
OI 8. Apoiar o investimento empresarial de cara a unha mellora na proxección internacional e no acceso ao financiamento
OI 14. Apoiar o desenvolvemento equilibrado das zonas urbanas e rurais atendendo os seus problemas socioeconómicos e ambientais
OI 16. Fomentar a cooperación transfronteiriza, transnacional e interrexional centrando as actuacións en apoio do crecemento e da creación de emprego e, concretamente, mellorando a interconexión física e intanxible dos territorios
OF 2: INCREMENTAR A COMPETITIVIDADE DO TECIDO PRODUTIVO GALEGO A TRAVÉS DO COÑECEMENTO E DA INNOVACIÓN
OI 5. Fortalecer a competitividade das empresas apoiando a investigación e o desenvolvemento tecnolóxico (I+DT)
OI 6. Fomentar a innovación empresarial e impulsar as iniciativas de cooperación empresarial orientadas cara á produción, difusión e utilización de novos coñecementos polas empresas
OI 7. Estender e difundir as tecnoloxías da información, as comunicacións e as plataformas loxísticas, garantindo a penetración no conxunto da sociedade e a dispoñibilidade de infraestruturas
OI 12. Reforzar a capacidade de xestión da Administración rexional en apoio da eficacia e da transparencia na execución e avaliación de políticas públicas

Táboa 2 (continuación).- Árbore de obxectivos do MECEGA 2007-2013

OF 3: AUMENTAR A COHESIÓN SOCIAL E TERRITORIAL DE GALICIA MELLORANDO OS NIVEIS DE CUALIFICACIÓN, A CALIDADE DO EMPREGO E A INCLUSIÓN SOCIAL
OI 9. Aumentar a participación no mercado laboral e mellorar a calidade e a produtividade do traballo, impulsando a igualdade de oportunidades e a inclusión social dos colectivos máis desfavorecidos
OI 10. Contribuír á adaptabilidade dos traballadores mellorando as cualificacións necesarias para a economía do coñecemento e que permitan prolongar a vida laboral
OI 11. Mellorar e adaptar os sistemas de educación e formación de acordo coas necesidades reais da sociedade, da economía e das empresas
OI 13. Reforzar o investimento na promoción e prevención no mercado de traballo e no benestar sanitario
OF 4: REFORZAR A SINERXÍA ENTRE CRECEMENTO E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE
OI 2. Reforzar o potencial ambiental rexional como vehículo de desenvolvemento económico sostible, protexendo e mellorando a contorna
OI 3. Favorecer o uso de modos de transporte menos contaminantes que contribúan á mobilidade sostible
OI 4. Reducir a dependencia enerxética e optimizar os recursos enerxéticos existentes (enerxías renovables)
OI 15. Complementar as políticas sectoriais, especialmente na dotación de servizos de interese económico xeral e no desenvolvemento económico sostible de zonas de alto potencial de crecemento
NOTAS: O. GLOBAL: obxectivo global; OF: obxectivo final; OI: obxectivo intermedio.

FONTE: Elaboración propia.

4. FORMULACIÓN DA ESTRATEXIA DO MECEGA 2007-2013

4.1. ENFOQUE ESTRATÉXICO DO MECEGA 2007-2013

O MECEGA 2007-2013 artículase en oito eixes prioritarios de intervención en torno aos que xirarán os obxectivos e actuacións de carácter estrutural na rexión no próximo setenio (táboa 3).

Táboa 3.- Eixes MECEGA 2007-2013

CÓDIGO	DENOMINACIÓN EIXES MECEGA 2007-2013
1	Economía do coñecemento (I+D+i, sociedade da información, TIC)
2	Competitividade e fomento empresarial
3	Medio ambiente, contorna natural e recursos hídricos
4	Transporte e enerxía
5	Desenvolvemento local, urbano e transfronteirizo
6	Empregabilidade e infraestruturas sociais
7	Mellora do capital humano
8	Desenvolvemento institucional e políticas públicas

FONTE: Elaboración propia.

A continuación faise unha breve exposición das principais características dos eixes do MECEGA e a súa vinculación cos eixes dos PO que o conforman (táboa 4).

◆ *Eixe 1: Economía do coñecemento (I+D+i, sociedade da información, TIC).* Está vinculado directamente co eixe 1 dos PO FEDER.

A través das actuacións comprendidas dentro deste eixe, Galicia persegue fortalecer a competitividade das empresas galegas apoiando a investigación e o desen-

volvemento tecnolóxico (I+DT), fomentar a innovación empresarial e impulsar a utilización de novos coñecementos por parte das empresas e, á vez, estender e difundir as tecnoloxías da información e das comunicacións garantindo a penetración no conxunto da sociedade.

No ámbito da I+D, estes esforzos de conversión cara a unha sociedade baseada no coñecemento irán acompañados do desenvolvemento tanto de centros coma de capacidades de investigación mediante a creación de novas infraestruturas científicas e tecnolóxicas, da mellora das xa existentes e do desenvolvemento de mecanismos e servizos de apoio para a transferencia do coñecemento xerado para a articulación dun sistema dinámico de I+D na rexión.

No ámbito empresarial perséguese o fomento da innovación, así como o impulso de iniciativas de cooperación interempresarial para a difusión e utilización de novos coñecementos.

Tamén se levarán a cabo operacións encamiñadas á extensión das infraestruturas da sociedade da información, á promoción do sector TIC en Galicia, xunto co fomento do acceso dos cidadáns, das empresas e da Administración rexional ás tecnoloxías da información e á comunicación.

◆ *Eixe 2: Competitividade e fomento empresarial.* Este eixe está vinculado co eixe 2 dos PO FEDER, co 1 dos PO FSE e co 1 do PO Cooperación Territorial Transfronteiriza.

As actuacións incluídas neste eixe teñen como principal destinatario as pemes: a maior parte están especificamente deseñadas para axudar a satisfacer as súas necesidades en materia de innovación tecnolóxica e organizativa, de internacionalización, de acceso aos recursos financeiros para o investimento produtivo, de servizos tecnolóxicos e de asesoría, etc.

Así mesmo, preténdese corrixir os desequilibrios estruturais de que adocece o mercado laboral galego, que limitan a súa expansión e o seu crecemento futuro, a precariedade dos empregos existentes, a sinistralidade laboral e a falta de adaptación entre a formación e as necesidades das empresas, fomentando a creación de novos empregos de calidade, especialmente entre as mulleres, potenciando a formación de empresarios e traballadores, e favorecendo a capacidade de resposta das empresas ante as novas esixencias do mercado.

En relación coa eurrrexión Galicia-Norte de Portugal, perséguese fortalecer a competitividade das empresas do espazo transfronteirizo a través da investigación e do desenvolvemento tecnolóxico (I+DT), fomentar a innovación empresarial e impulsar a utilización de novos coñecementos por parte das empresas e, á vez, estender e difundir as tecnoloxías da información e das comunicacións garantindo a penetración no conxunto da sociedade.

◆ *Eixe 3: Medio ambiente, contorna natural e recursos hídricos.* Está vinculado co eixe 3 dos PO FEDER, co 2 do PO Cooperación Territorial Transfronteiriza e co 2 e co 3 do PO Cohesión/FEDER.

Este eixe ten como obxectivo fundamental reforzar o potencial ambiental de Galicia como vehículo para o desenvolvemento económico sostible, protexendo e mellorando a contorna, aproveitando os recursos de forma integrada e racional, e establecendo mecanismos de alerta e prevención fronte aos riscos ambientais. En liñas xerais, o obxectivo reside no cumprimento dos acordos de Gotemburgo.

En relación coa eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, o obxectivo é reforzar o potencial ambiental do espazo transfronteirizo como vehículo para o desenvolvemento económico sostible, protexendo e mellorando a contorna, aproveitando os recursos de forma integrada e racional, e establecendo mecanismos que melloren o actual sistema de tratamento e transporte da auga.

A coordinación de grandes proxectos de abastecemento e de saneamento constitúen o obxectivo do Fondo de Cohesión/FEDER neste eixe do MECEGA.

◆ *Eixe 4: Transporte e enerxía.* Está vinculado co eixe 4 dos PO FEDER, co 3 do PO Cooperación Territorial Transfronteiriza e co 1 e co 4 do PO Cohesión/FEDER.

A través deste eixe Galicia persegue mellorar a accesibilidade do seu territorio, especialmente por estrada e por vía férrea de altas prestacións. Este obxectivo complementábase coa provisión de alternativas de transporte público e colectivo e cun obxectivo enerxético de redución da dependencia e de optimización dos recursos enerxéticos que existen cunha perspectiva de sostibilidade.

Este eixe de intervención aglutina dous ámbitos de actuación que se complementan e reforzan mutuamente: por un lado, as intervencións irán encamiñadas a completar a conexión coas redes transeuropeas de transporte e a mellorar a interoperabilidade dos diferentes transportes, e por outro, a continuar fomentando a xeración e produción de enerxías de fontes sostibles e a mellorar a eficiencia enerxética.

Polo que respecta á cooperación transfronteiriza, o territorio conxunto Galicia-Norte de Portugal presenta problemas significativos de dualismo socio-territorial, sendo esencial definir as condicións necesarias para lograr unha maior cohesión das zonas do interior da eurorrexión respecto das costeiras, así como para potenciar a absorción dos efectos positivos que o eixe interrexional Vigo-Pontevedra-Valença-Braga-Porto e as súas áreas de influencia en torno ao IC-1 (Valença-V.N. Cerveira-Caminha-Viana do Castelo-Esposende-Porto) puidese transmitir.

E polo que se refire ao Fondo de Cohesión/FEDER, ou seu obxectivo é tapar as carencias que ten Galicia en materia de transporte, sobre todo en infraestruturas portuarias e na rede ferroviaria de altas prestacións.

◆ *Eixe 5: Desenvolvemento local, urbano e transfronteirizo.* Este eixe está vinculado co eixe 5 dos PO FEDER, co 4 dos PO FSE e co 4 do PO Cooperación Territorial Transfronteiriza.

O desequilibrio que existe no territorio galego entre o medio rural e o urbano, o interior e a costa, e o avellentamento da poboación son factores que inciden negativamente sobre o desenvolvemento económico do ámbito galego e as condicións de vida dos seus habitantes. En consecuencia, as actuacións que cómpre levar a cabo

no marco dos fondos estruturais deberán concentrarse de xeito decisivo na rexeneración económica destas áreas, de modo que se contribúa ao reequilibrio territorial da rexión e que se potencie a actividade económica ligada aos recursos endóxeos, especialmente no ámbito rural.

Polo que respecta ao mercado de traballo, neste eixe fomentárase o intercambio de información, experiencias, resultados e boas prácticas, así como o desenvolvemento de propostas complementarias e de actuacións conxuntas con outros Estados membros e con outras rexións españolas. Buscarase darlles unha mellor resposta a determinadas problemáticas comúns e, desta maneira, contribuír ao crecemento e ao emprego da economía galega.

Para iso, impulsárase a relación de Galicia con outras rexións europeas para compartir enfoques innovadores na aplicación de políticas de mercado de traballo, de formación e de inclusión social que, á súa vez, lles permita beneficiarse mutuamente dos progresos no desenvolvemento de políticas innovadoras realizadas por eles.

Polo que respecta á cooperación no ámbito da eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, promoverase unha maior integración cultural e social entre as poboacións transfronteirizas, impulsando instrumentos de xestión e cooperación de segunda xeración.

◆ *Eixe 6: Empregabilidade e infraestruturas sociais.* Está vinculado co eixe 6 dos PO FEDER e co eixe 2 dos PO FSE.

Para lograr a converxencia con España e coa Unión Europea, Galicia deberá aumentar a súa taxa de emprego global e feminino, mellorando as condicións de empregabilidade e propoñendo oportunidades de integración social e laboral e de igualdade, especialmente entre aqueles grupos que teñen unha menor participación no mercado de traballo e que presentan un maior risco de exclusión.

Á vez, a despoboación das áreas rurais supón a necesidade de realizar reformas radicais nos ámbitos das infraestruturas sociais e educativas, co fin de reactivar a estrutura produtiva destas zonas e de incrementar os seus niveis de participación na economía rexional.

Galicia propónse darlles resposta a aquelas problemáticas que minan as súas posibilidades de desenvolvemento, e conseguir unha sociedade máis igualitaria que proporcione a todos as mesmas oportunidades de desenvolvemento persoal e profesional. Preténdese ampliar a dotación de infraestruturas educativas e contribuír á mellora da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres na sociedade galega.

◆ *Eixe 7: Mellora do capital humano.* Está vinculado directamente co eixe 3 dos PO FSE.

Os propósitos fundamentais deste eixe son incrementar a dotación de capital humano e a súa calidade. Para iso, está previsto poñer en marcha diferentes medidas que loiten contra a alta taxa de abandono escolar, así como de reforzo da formación secundaria e da formación profesional, de desenvolvemento do capital humano no ámbito da investigación e da innovación, e de potenciación dos vínculos entre o sistema educativo e a empresa privada.

O investimento en recursos humanos e nos sistemas de educación e formación continúa sendo unha prioridade para Galicia, aínda que agora se ve reforzada á luz das esixencias da Estratexia de Lisboa, posto que persiste unha alta taxa de desemprego debido á non incorporación ao mercado de traballo, á falta de cualificacións ou á inadecuación das capacidades

◆ *Eixe 8: Desenvolvemento institucional e políticas públicas.* Está vinculado co eixe de Asistencia técnica, co 7 do PO FEDER, co 5 do PO FSE, co 5 do PO Cooperación territorial transfronteiriza e co 5 do PO Cohesión/FEDER.

Este eixe ten como finalidade financiar as actividades necesarias para unha boa xestión da programación e para o seguimento e control das actuacións. Así mesmo, impulsará actuacións dirixidas a darlle resposta ás necesidades de información e publicidade dos PO, así como para a realización de seminarios, estudos, auditorías e avaliacións externas. Tamén poderá contemplarse o financiamento de intercambios de experiencias e boas prácticas, o desenvolvemento de proxectos piloto, así como o reforzo de políticas públicas axeitadas e institucionais de Galicia e do espazo conxunto transfronteirizo.

Táboa 4.- Vinculación xeral dos eixes MECEGA co FEDER, co FSE, coa Cooperación Territorial Transfronteiriza e co Fondo de Cohesión/FEDER (período 2007-2013)

EIXES FEDER		EIXES FSE	EIXES COOP. TERRIT. TRANSFRONTEIRIZA	EIXES COHESIÓN/FEDER	EIXES MECEGA 2007-2013
1	Desenvolvemento da economía do coñecemento (I+D+i, sociedade da información, TIC)				1 Economía do coñecemento (I+D+i, sociedade da información, TIC)
2	Desenvolvemento e innovación empresarial	1 Fomento do espírito empresarial e mellora da adaptabilidade de traballadores, empresas e empresarios	1 Fomento da competitividade e a promoción do emprego		2 Competitividade e fomento empresarial
3	Medio ambiente, contorna natural, recursos hídricos e prevención de riscos		2 Medio ambiente, patrimonio e prevención de riscos	2 Medio ambiente e desenvolvemento sostible COHESIÓN 3 Medio ambiente e desenvolvemento sostible FEDER	3 Medio ambiente, contorna natural e recursos hídricos
4	Transporte e enerxía		3 Ordenación do territorio e accesibilidade	1 Transportes COHESIÓN 4 Transporte e enerxía FEDER	4 Transporte e enerxía
5	Desenvolvemento sostible local e urbano	4 Promover a cooperación transnacional e interrexional	4 Integración socioeconómica e institucional		5 Desenvolvemento local, urbano e transfronteirizo
6	Infraestruturas sociais	2 Fomentar a empregabilidade, a inclusión social e a igualdade entre homes e mulleres 3 Aumento e mellora do capital humano			6 Empregabilidade e infraestruturas sociais 7 Mellora do capital humano
7	Asistencia técnica e reforzo da capacidade institucional	5 Asistencia técnica	5 Asistencia técnica	5 Asistencia técnica COHESIÓN	8 Desenvolvemento institucional e políticas públicas

FONTE: Elaboración propia.

4.2. PROGRAMAS OPERATIVOS DO MECEGA 2007-2013

Os programas operativos que materializarán o gasto estratéxico comunitario que se investirá en Galicia no período 2007-2013 son dez: catro deles cofinanciados polo FEDER, catro polo FSE, un polo Fondo de Cohesión/FEDER e un pola Cooperación Territorial Transfronteiriza.

◆ *Programa operativo “FEDER Galicia”*. O FEDER en Galicia centrará as súas intervencións en apoiar o desenvolvemento sostible e en integralo, no ámbito rexional e local, mediante a mobilización e a mellora da capacidade endóxena a través de actuacións de modernización e diversificación das estruturas económicas, e da creación e preservación de emprego sostible, contribuíndo fundamentalmente ao impulso da I+D+i, da competitividade, do transporte e da enerxía, das infraestruturas sociais e do medio ambiente.

Este PO ten carácter rexional, e será xestionado pola Xunta e máis pola AXE a través de sete eixes prioritarios de intervención.

◆ *Programa operativo “Investigación, desenvolvemento e innovación por e para o beneficio das empresas”*. Este PO, que é financiado polo FEDER e que ten carácter nacional, é unha consecuencia do Acordo do Consello Europeo de Bruxelas de dotar cun fondo tecnolóxico as rexións menos desenvolvidas da UE.

É complementario ás actuacións que se levarán a cabo na Comunidade Autónoma referidas aos programas de apoio ás infraestruturas tecnolóxicas, ás empresas innovadoras e á implementación de sistemas innovadores no tecido produtivo. Por iso, o obxectivo que formula este PO é o impulso de novos comportamentos innovadores entre sectores máis amplos ca os contemplados nos PO das rexións, en particular o número de pemes que levan a cabo estas actividades, así como contribuír a unha mellora do sistema da I+D+i rexional e nacional.

En Galicia as actuacións previstas materializaranse a través de dous eixes prioritarios de intervención, que serán xestionados pola AXE.

◆ *Programa operativo “Economía baseada no coñecemento”*. Este PO, que é financiado polo FEDER e que ten carácter nacional, busca impulsar as actuacións de I+D e da sociedade da información de forma complementaria e innovadora ás contempladas nos PO rexionais do FEDER. Trátase de impulsar actuacións de forte demanda empresarial, tales como proxectos innovadores de I+D+i, creación de empresas innovadoras, etc., así como promocionar outras profesións que contribúan a incrementar o nivel de innovación e competitividade, como é o caso da figura do xestor de innovación no ámbito da empresa ou de agrupación de empresas.

As actuacións previstas en Galicia materializaranse a través de dous eixes prioritarios de intervención, que serán xestionados pola AXE.

◆ *Programa operativo “Asistencia técnica FEDER”*. Este PO, que é financiado polo FEDER e que ten carácter nacional con aplicación na totalidade das rexións españolas, ten como obxectivo proporcionarlles un apoio técnico e administrativo ás autoridades de xestión, certificación e auditoría no desenvolvemento das súas respectivas funcións durante o período de programación.

As actuacións previstas en Galicia materializaranse a través dun eixe prioritario de intervención, que será xestionado pola AXE.

◆ *Programa operativo “FSE Galicia”*. O FSE en Galicia contribuirá a executar os obxectivos da Comunidade Autónoma relativos ao reforzo da cohesión económica e social, mellorando as oportunidades de traballo, favorecendo un alto nivel de emprego e a creación de máis e mellores postos de traballo. Por iso, atenderá as prioridades en materia de educación e formación, o incremento da participación das persoas economicamente inactivas no mercado de traballo, a loita contra a exclusión social, en particular de grupos desfavorecidos tales como as persoas con discapacidade, o fomento da igualdade entre mulleres e homes e a non discriminación.

Este PO, que ten carácter rexional, será xestionado pola Xunta a través de cinco eixes prioritarios de intervención.

◆ *Programa operativo “Adaptabilidade e emprego”*. O obxectivo de este PO, que é financiado polo FSE e que ten carácter plurirrexional, é afianzar a estabilidade no emprego, mellorar a adaptabilidade de todos os traballadores e fomentar a iniciativa empresarial integrando a perspectiva de xénero. Pretende mellorar as condicións de vida dos traballadores, facilitándolles o acceso, a integración e a permanencia no mercado de traballo, tendo en conta as necesidades de mulleres e homes, e eliminando as desigualdades existentes. Irá orientado a mellorar o sistema de formación, así como o fomento da I+D+i.

As actuacións previstas en Galicia materializaranse a través de cinco eixes prioritarios de intervención, que serán xestionados pola AXE.

◆ *Programa operativo “Loita contra a discriminación”*. Este programa, que é financiado polo FSE e que ten carácter plurirrexional, pretende combater a discriminación nun dobre aspecto: a que existe entre xéneros e a existente en certos colectivos que se atopan excluídos –ou en risco de exclusión– do mercado laboral. Impulsaranse accións específicas para mulleres e tamén outras dirixidas a mulleres e homes, a entidades públicas ou privadas e ás ONG. Á vez, outras accións irán orientadas a colectivos que están en risco de exclusión social ou laboral, como persoas con discapacidade, inmigrantes, reclusos, de raza xitana e outros colectivos.

As actuacións previstas en Galicia materializaranse a través de tres eixes prioritarios de intervención, que serán xestionados pola AXE.

◆ *Programa operativo “Asistencia técnica FSE”*. Este programa, que é financiado polo FSE e que ten carácter plurirrexional, contempla accións de apoio á autoridade de xestión, de auditoría e de certificación, en materia de emprego, formación, igualdade de oportunidades e medio ambiente, entre outros, co obxecto de contribuír á consecución dos obxectivos da Unión Europea en relación co emprego e coa inclusión social.

As actuacións previstas en Galicia materializaranse a través de dous eixes prioritarios de intervención, que serán xestionados pola AXE.

◆ *Programa operativo “Fondo de Cohesión/FEDER”*. O Fondo de Cohesión ten como obxectivo para o período 2007-2013 contribuír aos investimentos no ám-

bito do medio ambiente e nas redes de transporte transeuropeas, e intégrase na programación da axuda de finalidade estrutural, de cara a unha maior coherencia na intervención dos diversos fondos.

Este PO ten carácter nacional, e será xestionado pola AXE a través de cinco eixes prioritarios de intervención, tres deles financiados polo Fondo de Cohesión e dous polo FEDER.

As actuacións previstas en Galicia realizaranse no AVE Ourense-Santiago e nos portos de Langosteira, Bouzas, Guisar, Vilagarcía de Arousa, Marín-Ría de Pontevedra, Ferrol-San Cibrao e Vigo.

◆ *Programa operativo “Cooperación territorial transfronteiriza”*. Existen dous programas relacionados coa cooperación transfronteiriza, que son compartidos con Portugal e Francia.

O PO de *Cooperación territorial transfronteiriza España-Portugal* abarca un territorio composto por dezasete NUT III fronteirizas, articulado en cinco áreas de cooperación. Trátase, polo tanto, dun programa cunha forte incidencia territorial e, en menor escala, poboacional.

A Comunidade Autónoma galega forma parte da Área de Cooperación Galicia-Norte de Portugal, que será xestionada pola Xunta e pola AXE fundamentalmente a través dos ámbitos relacionados co mar, coa internacionalización das pemes da eu-rorrexión, coa protección do medio e co fomento da cooperación e integración social e institucional.

As cinco NUT III fronteirizas na Área de Cooperación Galicia-Norte de Portugal son Pontevedra, Minho-Lima, Cádavo, Ourense e Alto Trás-os-Montes. A estas engádense os NUT III adxacentes que no caso de Galicia son A Coruña e Lugo, e que na parte norte de Portugal son a área metropolitana do Porto, Ave, Tâmega e Douro.

5. PLAN FINANCEIRO DO MECEGA 2007-2013

5.1. DESAGREGACIÓN POR PROGRAMAS OPERATIVOS E FONDOS

Na táboa 5 relaciónanse os dez programas operativos que confeccionan o MECEGA, mostrando os seus importes estimados pola axuda estrutural comunitaria (4.388,5 millóns de euros) e polo custo total (6.029,5 millóns de euros), e indicando tamén o peso de cada un deles no conxunto financeiro do *Marco estratéxico* en custo total.

O PO *FEDER Galicia* é o máis destacado, cun importe de 3.172,2 millóns de euros en custo total, que representa o 52,61% do custo total do MECEGA.

O *Fondo de Cohesión/FEDER* representa o 12,31% do custo total do MECEGA. Co 11,25% do custo total do MECEGA figura o PO *Adaptabilidade e emprego*, que alcanza 678,2 millóns de euros.

Con 578,5 millóns de euros figura o PO *I+D+i por e para o beneficio das empresas fondo tecnolóxico*, cofinanciado polo FEDER, que representa o 9,59% do custo total do MECEGA.

Tamén destacan o PO *FSE Galicia*, con 448,1 millóns de euros, e o PO *Economía baseada no coñecemento*, cofinanciado polo FEDER, con 285,2 millóns de euros, que representan, respectivamente, o 7,43% e o 4,73% do custo total do MECEGA.

A continuación figuran o PO *Cooperación territorial transfronteiriza* e o PO *Loita contra a discriminación*, que representan, respectivamente, o 1,19% e o 0,64% do custo total do MECEGA, mentres que os PO *Asistencia técnica FEDER* e *Asistencia técnica FSE* son os de menor contía, co 0,15% e co 0,08%, respectivamente, do custo total do MECEGA.

Por fondos comunitarios, o FEDER é o que contribúe con máis peso ao MECEGA (67,09% en custo total), seguido do FSE (19,41%), do Fondo de Cohesión/FEDER (12,31%) e do de Cooperación Territorial Transfronteiriza (FEDER) (1,19%) (táboa 6).

Táboa 5.- Cuantificación do MECEGA 2007-2013 por PO, segundo axuda e custo total (en millóns de euros correntes)

PO	AXUDA	CUSTO TOTAL	% CUSTO T/MECEGA
PO FEDER Galicia	2.191,5	3.172,2	52,61
PO Economía baseada no coñecemento FEDER	199,9	285,2	4,73
PO I+D+i por e para o beneficio das empresas fondo tecnolóxico FEDER	405,6	578,5	9,59
PO Asistencia técnica FEDER	7,3	9,1	0,15
PO FSE Galicia	358,5	448,1	7,43
PO Loita contra a discriminación FSE	30,9	38,6	0,64
PO Adaptabilidade e emprego FSE	542,6	678,2	11,25
PO Asistencia técnica FSE	4,1	5,1	0,08
PO Fondo de Cohesión/FEDER	594,0	742,5	12,31
PO Cooperación Territorial Transfronteiriza FEDER	54,1	71,9	1,19
TOTAL MECEGA	4.388,5	6.029,5	100,00

FONTE: Elaboración propia.

Táboa 6.- Contribución dos fondos comunitarios ao MECEGA 2007-2013 (en millóns de euros correntes)

FONDO	AXUDA	CUSTO TOTAL	% PO S/CUSTO TOTAL
FEDER	2.804,3	4.045,0	67,09
FSE	936,1	1.170,1	19,41
Fondo de Cohesión/FEDER	594,0	742,5	12,31
Cooperación Territorial Transfronteiriza (FEDER)	54,1	71,9	1,19
TOTAL MECEGA	4.388,5	6.029,5	100,00

FONTE: Elaboración propia.

5.2. DESAGREGACIÓN POR EIXES ESTRATÉXICOS

Na táboa 7 móstrase o importe financeiro estimado do MECEGA, que alcanza os 6.029,5 millóns de euros correntes en custo total, observándose a coherencia da distribución do gasto dos eixes coa estratexia global de Galicia.

Analizando a dispersión do esforzo financeiro por eixes, móstrase como os proxectos do eixe 1, relacionados coa *Economía do coñecemento (I+D+i, sociedade da información, TIC)*, e do eixe 2, dedicados á *Competitividade e fomento empresarial*, supoñen o 33,72% do investimento total do MECEGA, o que representa unha clara aposta de Galicia pola nova reorientación dos fondos comunitarios para impulsar a investigación, as tecnoloxías innovadoras e a competitividade na busca de alcanzar a converxencia coa UE.

Observase, así mesmo, que o eixe 4, *Transporte e enerxía*, co 31,65% do custo total, é o que absorbe máis recursos financeiros, mentres que o eixe 8, relacionado co *Desenvolvemento institucional e políticas públicas*, dispoñerá do 0,74% do custo total do MECEGA.

Táboa 7.- Importe financeiro estimado do MECEGA 2007-2013 por eixes (en millóns de euros correntes, custo total)

MECEGA 2007-2013			
Eixe	Denominación	Custo total	%
1	Economía do coñecemento (I+D+i, sociedade da información, TIC)	1.122,1	18,61
2	Competitividade e fomento empresarial	911,1	15,11
3	Medio ambiente, contorna natural e recursos hídricos	883,4	14,65
4	Transporte e enerxía	1.908,2	31,65
5	Desenvolvemento local, urbano e transfronteirizo	352,7	5,85
6	Empregabilidade e infraestruturas sociais	635,0	10,53
7	Mellora do capital humano	172,2	2,86
8	Desenvolvemento institucional e políticas públicas	44,9	0,74
TOTAL MECEGA		6.029,5	100,00

FONTE: Elaboración propia.

5.3. DISTRIBUCIÓN POR OBXECTIVOS FINAIS E INTERMEDIOS

Os catro obxectivos finais do MECEGA 2007-2013 representan un custo total estimado de 6.029,5 millóns de euros (táboa 8).

Analizando os OF segundo a súa contribución financeira ao MECEGA, obsérvase que o de maior contía é o 1 “*Impulsar e dinamizar a economía rexional facendo de Galicia un lugar máis atractivo para investir e traballar*”, con 2.533,8 millóns de euros, o que supón o 42,02% do custo total do MECEGA. Dentro deste OF, destaca o OI 1, relacionado coas redes de transporte, coa intermodalidade e coa accesibilidade, que alcanza un importe de 1.414,7 millóns de euros e que representa o 23,46% do custo total do MECEGA.

A continuación figura o OF 2 “*Incrementar a competitividade do tecido produtivo galego a través do coñecemento e a innovación*”, con 1.329,3 millóns de eu-

ros, que supoñen o 22,05% do custo total do MECEGA. O obxectivo intermedio que contribúe cunha maior contía a este OF é o 5, con 522,3 millóns de euros, que está relacionado coa competitividade empresarial e que representa o 8,66% do custo total do MECEGA.

Ségueo o OF 3 “*Aumentar a cohesión social e territorial de Galicia mellorando os niveis de cualificación, a calidade do emprego e a inclusión social*”, con 1.114,4 millóns de euros, que representan o 18,48% do custo total do MECEGA. O OI 13, relacionado coa promoción e coa prevención no mercado de traballo e no benestar sanitario, é o de maior alcance financeiro neste OF, con 413,1 millóns de euros, que supoñen o 6,85% do custo total do MECEGA.

E finalmente, figura o OF 4 “*Reforzar a sinerxía entre crecemento e desenvolvemento sostible*”, con 1.052,0 millóns de euros, que supoñen o 17,45% do custo total do MECEGA. O obxectivo intermedio que contribúe con maior contía a este OF é o 2, relacionado co potencial ambiental rexional, con 815 millóns de euros, que representan o 13,52% do custo total do MECEGA.

Táboa 8.- Distribución financeira do MECEGA 2007-2013 por obxectivos finais e por obxectivos intermedios (custo total, en millóns de euros)

OF	OI	DENOMINACIÓN OI	CUSTO TOTAL	% OI/OF	% OI/TOTAL
1	1	Completar a conexión coas redes transeuropeas de transporte, impulsar a intermodalidade e interoperabilidade dos diferentes transportes, mellorar a accesibilidade interior do seu territorio e fomentar a seguridade viaria	1.414,7	55,83	23,46
	8	Apoiar o investimento empresarial de cara a unha mellora na proxección internacional e no acceso ao financiamento	357,8	14,12	5,93
	14	Apoiar o desenvolvemento equilibrado das zonas urbanas e rurais atendendo os seus problemas socioeconómicos e ambientais	390,5	15,41	6,48
	16	Fomentar a cooperación transfronteiriza, transnacional e interrexional centrando as actuacións no apoio do crecemento e na creación de emprego e, en concreto, mellorando a interconexión física e intanxible dos territorios	370,8	14,63	6,15
Subt. OF 1			2.533,8	100,00	42,02
2	5	Fortalecer a competitividade das empresas apoiando a investigación e o desenvolvemento tecnolóxico (I+DT)	522,3	39,30	8,66
	6	Fomentar a innovación empresarial e impulsar as iniciativas de cooperación empresarial orientadas cara á produción, á difusión e á utilización de novos coñecementos polas empresas	281,1	21,15	4,66
	7	Estender e difundir as tecnoloxías da información, as comunicacións e as plataformas loxísticas, garantindo a penetración no conxunto da sociedade e a dispoñibilidade de infraestruturas	480,9	36,18	7,98
	12	Reforzar a capacidade de xestión da Administración rexional en apoio á eficacia e transparencia na execución e na avaliación de políticas públicas	44,9	3,37	0,74

Táboa 8 (continuación).- Distribución financeira do MECEGA 2007-2013 por obxectivos finais e por obxectivos intermedios (custo total, en millóns de euros)

Subt. OF 2		1.329,3	100,00	22,05	
3	9	Aumentar a participación no mercado laboral e mellorar a calidade e a produtividade do traballo, impulsando a igualdade de oportunidades e a inclusión social dos colectivos máis desfavorecidos	125,7	11,28	2,08
	10	Contribuír á adaptabilidade dos traballadores mellorando as cualificacións necesarias para a economía do coñecemento e que permitan prolongar a vida laboral	373,4	33,50	6,19
	11	Mellorar e adaptar os sistemas de educación e formación de acordo coas necesidades reais da sociedade, da economía e das empresas	202,3	18,15	3,35
	13	Reforzar o investimento na promoción e prevención no mercado de traballo e no benestar sanitario	413,1	37,07	6,85
Subt. OF 3		1.114,4	100,00	18,48	
4	2	Reforzar o potencial ambiental rexional como vehículo de desenvolvemento económico sostible, protexendo e mellorando a contorna	815,0	77,47	13,52
	3	Favorecer o uso de modos de transporte menos contaminantes que contribúan á mobilidade sostible	36,1	3,43	0,60
	4	Reducir a dependencia enerxética e optimizar os recursos enerxéticos existentes (enerxías renovables)	102,1	9,70	1,69
	15	Complementar as políticas sectoriais, especialmente na dotación de servizos de interese económico xeral e no desenvolvemento económico sostible de zonas de alto potencial de crecemento	98,8	9,40	1,64
Subt. OF 4		1.052,0	100,00	17,45	
TOTAL MECEGA		6.029,5		100,00	

FONTE: Elaboración propia.

5.4. CONTRIBUCIÓN FINANCEIRA DO MECEGA 2007-2013 Á ESTRATEXIA DE LISBOA

Na táboa 9 móstrase a contribución do MECEGA ás Estratexias de Lisboa e de Gotemburgo, que alcanza un importe estimado de 3.649,5 millóns de euros, e que representan o 83,2% do total da axuda do MECEGA (4.388,5 millóns de euros).

Táboa 9.- Contribución financeira do MECEGA 2007-2013 á Estratexia de Lisboa (axuda en millóns de euros correntes)

PO	AXUDA PO	LISBOA	% LISBOA S/ AXUDA PO	% PO S/ TOTAL LISBOA
PO FEDER Galicia	2.191,5	1.587,1	72,4	43,49
PO de Economía baseada no coñecemento FEDER	199,9	197,9	99,0	5,42
PO I+D+i por e para o beneficio das empresas fondo tecnolóxico FEDER	405,6	400,5	98,7	10,97
PO Asistencia técnica FEDER	7,3	0,0	0,0	0,0
PO FSE Galicia	358,5	338,2	94,3	9,27
PO Loita contra a discriminación FSE	30,9	29,2	94,6	0,80
PO Adaptabilidade e emprego FSE	542,6	502,6	92,6	13,77
PO Asistencia técnica FSE	4,1	0,0	0,0	0,0
PO Fondo de Cohesión/FEDER	594,0	594,0	100,0	16,28
PO Cooperación Territorial Transfronteiriza FEDER	54,1	0,0	0,0	0,00
TOTAL	4.388,5	3.649,5	83,2	100,00

O artigo 9 do Regulamento (CE) nº 1083/2006 do Consello sinala no seu punto 3 que “a axuda cofinanciada polos fondos centrarase nas prioridades da UE de fomentar a competitividade e crear emprego, que inclúen o cumprimento dos obxectivos das directrices integradas para o crecemento e o emprego (2005-2008). Para estes efectos, de acordo coas súas competencias respectivas, a Comisión e os Estados membros garantirán que se destinen ás mencionadas prioridades o 60% do gasto correspondente ao obxectivo de «converxencia» e o 75% do gasto correspondente ao obxectivo de «competitividade rexional e emprego» de todos os Estados membros da Unión tal e como estaba constituída antes do 1 de maio de 2004. Estas porcentaxes, baseadas nas categorías de gastos que figuran no anexo IV, aplicaranse como termo medio ao longo de todo o período de programación”.

No caso de Galicia, tendo en conta a desagregación indicativa dos programas estruturais que compoñen o MECEGA e as categorías de gasto, ambas incluídas en cada un dos eixes prioritarios, a previsión polo que respecta ao cumprimento do citado artigo 9.3 na programación dos fondos comunitarios en Galicia está garantida.

Todos os PO do MECEGA contribúen a Lisboa, agás os de *Asistencia técnica* FEDER e FSE e o de Cooperación Territorial Transfronteiriza.

As actuacións previstas do Fondo de Cohesión/FEDER en Galicia tamén contribúen á Estratexia de Lisboa.